

## Acordos da reunión da Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Ambiental

**Francisco Omil Prieto, secretario da Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Ambiental, CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que a citada Comisión na sesión ordinaria celebrada o 12 de decembro de 2023 aprobou os seguintes puntos que se indican a continuación:**

### 1. Aprobación, se procede, dos análises DAFO e CAME da titulación.

A Comisión realiza un análise preliminar DAFO e CAME, que se presenta a continuación, para ser enviado a Comisión de Calidade da ETSE onde será integrado coas demás propostas xeradas no resto das Comisións dos títulos do centro.

#### Liñas estratéxicas da ETSE:

##### L1 - Infraestruturas, recursos materiais e persoas

*Infraestructuras docentes: novos espazos docentes e de investigación e mellora dos existentes; Promover as aulas polivalentes; Mantemento das infraestruturas do centro; Crear espazos para a convivencia do alumnado; Infraestuturas na nube; Persoal técnico de apoio ás aulas informática; Recursos administrativos.*

##### L2 - Impulso e fortalecemento da docencia

*Difusión dos títulos e captación de alumnado; Introducir/fortalecer a docencia en inglés; Selos nacionais e internacionais; Fomento da empregabilidade do alumnado; Incrementar a participación das empresas na docencia dos títulos; Novas metodoloxías docentes; Novos títulos.*

##### L3 - Visibilidade da escola e servizo á sociedade

*Potenciar docencia/comunicación en galego; Igualdade; ODS; Transparencia; Dinamizar participación alumnado; Visibilizar o centro a nivel autonómico, nacional e internacional.*

##### L4 - Internacionalización

*Incrementar os convenios Erasmus e bilaterais; Incrementar os intercambios entrantes e saíntes; Captación de alumnado internacional; Renovar convenios de dobre título e desenvolver novos convenios.*

#### ANÁLISE DAFO

##### Debilidades:

*Son as características propias da titulación que impiden o seu desenvolvemento. Presente.*

- Información institucional do título (páxina web) – L3
- Proceso administrativo de matrícula (prazos e información) – L1
- Axustes na implantación do novo plan de estudos – L2
- Matrícula dos estudantes extranxeiros de países en desenvolvemento non Latinoamericanos – L4

##### Ameazas:

*Factores externos que van contra o desenvolvemento da titulación. Futuro.*

- Competitividade crecente polos estudantes de grao a nivel nacional – L3
- Elevado número de titulacións de mestrado, o que fai máis complexo destacar – L3
- Complexidade e incerteza na tramitación de convenios con empresas – L3

##### Fortalezas:

*Vantaxes competitivas da titulación. Presente.*

- Traxectoria de calidade da titulación e recoñecementos logrados (acreditacións, *ranking* El Mundo, mención excelencia) – L2
- Profesorado de excelencia (docencia e investigación), altamente motivado e moi ben valorado polo alumnado – L1
- Vinculación con grupos de investigación de excelencia (CRETUS) – L2
- Instalacións experimentais – L2
- Forte vinculación co mundo empresarial – L3
- Altas taxas de inserción laboral – L3

#### **Oportunidades:**

*Factores alleos á titulación que a favorecen. Futuro.*

- A emerxencia climática e a necesidade de implantar modelos de economía circular na sociedade - L3
- Hai un nicho importante de emprego e formación a través dos contratos predoctorais ofertados tanto por grupos nacionais como internacionais – L2
- A implantación de tecnoloxías innovadoras no tratamento de efluentes e emisións – L2
- Explotar os contactos existentes cos egresados para mellorar a colaboración coa empresa e o sector industrial – L3

## **ANÁLISE CAME**

### **Corrixir:**

*Corrixir Debilidades: Establece un plan para eliminar estas deficiencias, sempre consciente de que se trata dun problema interno que debe ser reorientado.*

- Contactar coa oficina de xestión da páxina web para mellorar a información institucional do título – L3
- Uso dos indicadores anuais, así como do análise dos diversos grupos de interese para mellorar o funcionamento e a coordinación dos diferentes módulos do novo plan de estudos – L2
- Proceso administrativo de matrícula (prazos e información) – L1

### **Afrontar:**

*Afrontar Ameazas: Este factor externo chegará antes ou despois (ou nunca), pero o mellor é estar preparado. Prepara un plan de choque para facerlle fronte.*

- Seguir traballando na difusión das diversas actividades do Máster a través dos diferentes canles, pero especialmente a través da páxina institucional e a rede social LinkedIn – L3
- Incorporar os avances tecnolóxicos máis destacados nos programas das materias do Máster – L2

### **Manter:**

*Manter Fortalezas: Se detectas un bo pilar sobre o que sustentar a titulación, define unha estratexia para que siga crescendo a partir de esa pedra angular.*

- Seguir traballando no mantemento dos recoñecementos logrados (acreditacións, *ranking* El Mundo, mención excelencia): participación nas renovacións dos mesmos – L3
- Ofertar novas edicións do programa de iniciación á investigación co Centro Singular CRETUS – L2
- Incluir na financiación extraordinaria conseguida a progresiva incorporación de novos equipos para as prácticas de laboratorio – L2
- Organizar novas edicións do Foro de empregabilidade, coa presenza destacada de egresados e empresas – L3

### **Explotar:**

*Explorar Oportunidades: O mundo está cheo de posibilidades, polo que debes levantar a vista e ter amplitude de miras. Podes encontrar un novo enfoque que cambie todo por completo.*

- Explotar os contactos existentes cos egresados para mellorar a colaboración coa empresa e o sector industrial – L2
- Aproveitar a conexión dos docentes e investigadores co mundo latino americano para ampliar o número de convenios existentes tanto na academia como no mundo industrial e empresarial – L2

## **2. Aprobación, se procede, da apertura da matrícula para o segundo cuatrimestre.**

A Comisión aproba por unanimidade o abrir a matrícula para o segundo cuadrimestre do presente curso 2023-24.